



Asunto: Informe da proposta de Decreto, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2023 do persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de Creación de Escalas do Persoal Sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.

O artigo 12 da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, dispón que durante este ano, só se poderá proceder á incorporación de novo persoal no sector público con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular no referente á taxa de reposición de efectivos, respectando en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

A normativa básica, Lei 31/2022, do 23 de decembro, establece no seu artigo 20. Un.1) que a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un.e) do artigo anterior, levarase a cabo a través da Oferta de Emprego Público, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

Neste mesmo artigo 20. Dous establececese unha taxa de reposición de efectivos do 120 por cento nos sectores prioritarios e do 110 por cento nos demais sectores, concretando o apartado 3) os sectores que teñen a condición de prioritarios aos efectos da taxa de reposición.

Resultando necesaria a incorporación de persoal sanitario funcionario de novo ingreso, e de conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 6/2022, do 27 de decembro, e o artigo 20. Un. 1) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, cómpre a aprobación da oferta de emprego público para o ano 2023 relativa ao persoal sanitario funcionario incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de





outubro, de creación de Escalas do Persoal Sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.

Para o cómputo de prazas tívose en consideración a aplicación da porcentaxe do 110 por cento de taxa de reposición prevista no artigo 20. Dous. a) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, para sectores non prioritarios.

O número total de prazas que integran esta oferta ascende a un total de 19 prazas.

A distribución do número de prazas ofertadas en cada clase detállase no anexo deste decreto.

O número de prazas reservadas á quenda de promoción interna deberá respectar a porcentaxe mínima e demais requisitos establecidos no artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e concretarase, para cada clase, na respectiva resolución de convocatoria.

As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do total de prazas que se ofertan reservárase unha porcentaxe non inferior ao sete por cento para seren cubertas entre persoas con discapacidade.

En consecuencia esta dirección xeral emite **INFORME FAVORABLE** a proposta de Decreto, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2023 do persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de Creación de Escalas do Persoal Sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.



Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral da Función Pública

José M^a Barreiro Díaz



ANEXO

CORPO	ESCALA	CLASE	PRAZAS OFERTADAS	RESERVA DISCAPACIDADE
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	LICENCIADO/A EN QUÍMICAS	3	
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	LICENCIADO/A EN BIOLOXÍA	2	
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	LICENCIADO/A EN FARMACIA	4	1
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	LICENCIADO/A EN PSICOLOXÍA	2	
FACULTATIVO SUPERIOR	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	INSPECTORES/AS MÉDICOS/AS	5	1
FACULTATIVO DE GRAO MEDIO	SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA	ATS/DUE	3	

Total de prazas: 19

Reserva cota discapacidade: 2

